

correlingua

VINTE
COA
LINGUA!



2020

BASES PARA O CONCURSO CANTALINGUA

1. Cantalingua é un concurso musical destinado a bandas ou solistas que desenvolven a súa actividade en galego, organizado polo Correlingua.
2. Poden participar grupos musicais ou solistas de calquera estilo que teñan o galego como lingua.
3. Poderase participar cunha canción por cada grupo ou solista que será enviada en formato mp3 a correlingua@correlingua.gal antes das 24 h do 1 de marzo de 2020.
4. A canción que se presente deberá ser orixinal -fican excluídas as versións- e **integralmente** en lingua galega. Valorarase especialmente que se trate dun tema creado para a actividade.
5. Excluíranse as cancións que teñan contidos de carácter sexista, homófobo, racista, violento, discriminatorio, en definitiva, contidos inadecuados ou contrarios aos fins pedagóxicos e educativos do Correlingua ou que a organización considere pouco adecuados para o público destinatario.
6. Ademais do tema en formato MP3 deberase enviar unha pequena presentación da banda ou solista e unha fotografía, e indicar un enderezo electrónico e teléfono de contacto.
7. As cancións participantes colgaranse na páxina correlingua.gal/cantalingua/ e publicitaranse por outras canles e redes sociais para que cheguen ao maior número de persoas posíbel.
8. O **xuri** estará integrado por alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato de centros participantes no Correlingua e por membros da organización do Correlingua, e

determinará os grupos ou solistas gañadores.

9. Os gañadores serán dados a coñecer en marzo de 2020 a través da páxina do Correlingua.
10. O premio consistirá en actuar dentro da programación do Correlingua. As actuacións repartiranse entre os tres primeiros clasificados de maneira equitativa e de acordo coa súa dispoñibilidade, cunha remuneración de **650 € brutos** por actuación. O primeiro clasificado escollerá as actuacións en primeiro lugar, o segundo en segundo e o terceiro en terceiro lugar. No caso de que algún dos gañadores non puiden participar nalgún dos concertos a lista iría correndo até completar todas as datas cos grupos que ficasen entre os 10 primeiros.
11. Todos os concertos serán pola mañá, entre o 5 e o 15 de maio de 2020 e terán unha duración aproximada de vinte minutos.
12. Os grupos seleccionados comprométense a que todo o concerto e a comunicación dos grupos que actúen no Correlingua sexa integramente en galego. As letras deberán ser axeitadas ao carácter pedagóxico da actividade e á idade do alumnado que vai de infantil a secundaria. O comportamento e a linguaxe empregada durante as actuacións debe axustarse ao público.
13. En caso de incumprimento do punto anterior a organización do Correlingua reserva para si o dereito de cancelar os seguintes concertos do grupo e anular o premio concedido inicialmente.
14. A participación no concurso implica a aceptación destas bases.

Correlingua

www.correlingua.gal

Facebook, Instagram: Correlingua

[Avenida de Lugo 2A](#), entresollado A

15702- Santiago de Compostela

tlf: 698180557